

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE XULLO DE
DOUS MIL DOCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

CONCELLEIRO NON ASISTENTE:

D. Francisco Villaverde Otero

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de xullo de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

ACTA ANTERIOR :

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 28 DE MAIO E 29 XUÑO DE 2012 : Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobáronse as referenciadas actas por unanimidade dos concelleiros/as presentes.-----

2º) RENUNCIA DE D. FRANCISCO VILLAYERDE OTERO COMO CONCELEIRO DO CONCELLO DE SANXENXO. Polo Sr. **Secretario** indícase que no expediente figuran as declaracións de causas de incompatibilidade e de intereses patrimoniais do concelleiro renunciante.

Dáse conta do escrito do Sr. **Villaverde Otero** que literalmente di:

“”””D. Francisco Villaverde Otero con DNI 35253420-D, concelleiro da Corporación Municipal de Sanxenxo, electo pola lista de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) nas eleccións municipais do 22 de maio de 2.011, ante a Corporación Municipal,

EXPÓN:

Que por motivos persoais presenta renuncia o cargo de Concelleiro, o que comunico a Corporación Municipal de Sanxenxo, os efectos do disposto na presente Ley Orgánica do Réxime Electoral Central (LOREG) e das instrucións da xunta Electoral Central, co fin de que se proceda a miña substitución mediante candidatos seguintes na lista de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) pola que fon elixido.

En Sanxenxo a 23 de xullo de 2.012,“”””

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu as grazas ao Sr. Villaverde Otero polos servizos prestados ao concello.

Non habendo máis intervencións, a Corporación Municipal dáse por enterada da **renuncia** do Sr. **Villaverde Otero** ao seu cargo de concelleiro para remitila á Xunta Electoral Central, co obxecto de que se proceda á expedición da credencial de concelleiro a favor do integrante da candidatura do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL)** co posto **nº 4**, que é **D. PABLO TRELLES GARCÍA**.-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA AXUSTE DAS RETRIBUCIÓNS DO GOBERNO MUNICIPAL. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de xullo de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou

que ía manter a coherencia co proposto no seu programa político, que avogaba por unha redución do 30% do custo dos políticos ao concello, xa que tan só debíase abonar o estritamente necesario e nove dedicacións exclusivas son demasiadas para o Concello de Sanxenxo. Finalmente dixo que se abstería neste punto da orde do día.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que votaría a favor porque consideraba excesivo que neste momento de crise o custo do goberno municipal e do persoal eventual para o concello fóra de 368.000 euros, sobre todo cando un salario medio está en 14.300 euros e aquí se cobra por dedicacións exclusivas 39.000 euros e por dedicacións parciais 27.000 euros, sendo a comparación negativa con respecto a concellos próximos e con mais habitantes que este, como Vilagarcía, que con 35.000 habitantes tan só ten tres dedicacións exclusivas. Por último aludiu a que esperaba que este aforro se dedicara a remediar situacións de emerxencia social, cada vez mais frecuentes.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que o certo era que non se podía xustificar unha baixada de soldo aos funcionarios, sen que o propio grupo de goberno se adaptara á realidade, resaltando que este acordo ven imposto polo propio Partido Popular, aceptándoo sen problemas o goberno municipal que, en cambio, se queixa moito cando a oposición opina que os soldos son excesivos.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicoulle ao voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal sobre que cantidade había que aplicar esa diminución do 30% e que neste concello non existen nove dedicacións exclusivas, nin sequera, contando exclusivas e parciais, hai nove dedicacións. Continuou dicindo que no seu día trouxo as nóminas correspondentes o que cobraba no seu traballo nunha empresa privada fai dez anos e era equivalente ao que gaña agora. Tamén fixo referencia a que a el ninguén lle impuxo nada e que consideraba lexítima a baixada do soldos dos cargos políticos, porque dentro da casa tamén se fixo o mesmo para todos os empregados.

O Sr. Gonzalo Pita sinalou, respecto do manifestado na intervención anterior, que el referiuse á existencia de nove dedicacións, non exclusivas e que o 30% era respecto do montante total do que lle custaban os políticos ao concello.

A Sra. Aguín Pombo dixo que a política era unha actividade voluntaria e en ningún lado está escrito que os que se dedican a ela teñan que gañar o mesmo que no seu traballo, a realidade é que neste concello se gañan 37.000 e 29.000 euros, respectivamente, segundo o tipo de dedicación, guste ou non guste, sen que inflúa o que podían percibir no pasado os distintos concelleiros, engadindo que **o Sr. Rodríguez Lorenzo** cambiou a posición sobre este punto dende que pasou ao goberno. Finalmente dixo que en cambio se suprimiron as asignacións aos grupos políticos, cando por exemplo, en Vilagarcía, o grupo popular percibe unha cantidade por este concepto, ao igual que noutros concellos limítrofes.

O Sr. Rodríguez Lorenzo sinalou que a el o que lle importa é o que pasa en Sanxenxo e precisou que os concelleiros asistentes á sesión ían percibir unha cantidade determinada por dúas horas de traballo, importe que multiplicado polas horas de dedicación ao concello suporía unha cantidade ao mellor mais grande que a que perciben os concelleiros con dedicación. Tamén sorprendeuse de que a anterior interviniente, neste momento de crise, aludira a que en Vilagarcía

os grupos políticos cobran, cando estes, o que debían facer, eran alimentarse das cotas dos seus afiliados. Finalmente recordou que o que se percibe neste concello está moi por debaixo do que se cobraba fai cinco anos.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que non por repetir as mentiras estas se acaban convertendo en algo certo e destacou que neste concello non había nove dedicacións exclusivas, como aquí se dixo, senón catro exclusivas e catro parciais, asumindo os concelleiros que as cobran ao cento por cento os seus gastos do concello, sen pasar dietas, feito que precisamente non pasa nos concellos onde gobernan outros partidos políticos. Tamén pediulle á **Sra. Aguíñ Pombo** que revise os números do custe para o concello, xa que volveu a dicir unha mentira. No que respecta ás asignacións dos grupos políticos recalcou que o Partido Popular xa renunciou a ela, pero para os demais houbo que suprimilas, porque non fixeron o mesmo. Para rematar a súa exposición indicou que este concello só gastaba en persoal un 20% do presuposto, unha das porcentaxes mais baixas de Galicia.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

- Reducir os soldos dos membros da corporación, tanto de aqueles que teñen dedicación exclusiva como de aqueles con dedicación parcial, nos mesmos termos que figuran publicados no RDL 20/2012, de 13 de xullo de 2012 (BOE do 14 de xullo de 2012) e seguindo os criterios establecidos nos artigos 2 e 4.

O axuste corresponderá no caso de aqueles con dedicación exclusiva, na supresión do importe correspondente a paga extraordinaria do mes de decembro. No caso dos concelleiros con dedicación parcial, corresponderalles a minoración dende a nómina do mes de agosto do importe correspondente a unha catorceava parte do soldo bruto anual.

Correspondendo en ambos casos unha redución dun equivalente ao 7,69%.-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE DÍA E APROBACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de xullo de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, criticou que, practicamente a quince días do termo da actual concesión, se traía este asunto a comisión cando xa non hai tempo para facer unha nova adxudicación, tendo que ir a unha contratación

temporal polo período intermedio entre un contrato e outro, cando sabían perfectamente a finalización do prazo desta concesión. No que respecta ao fondo do asunto aludiu a unha posible incompatibilidade no proxecto respecto da subrogación do novo persoal e fixo referencia ao incumprimento do regulamento pola non convocatoria dunha comisión a que lle correspondía asistir un membro do seu grupo. Tamén dixo que existían diferenzas nos postos de traballo da anterior concesión e da vindeira e, dado que se van a ampliar o número de prazas, ata 80, vaise producir unha maior cobertura con menor persoal, o que ocasionará unha prestación do servizo deficitaria.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, recordou que faltan 18 días para a finalización do contrato e estase a discutir neste pleno o modelo de xestión, cando o que tiña que traerse era a adxudicación do novo contrato, o que demostraba falta de traballo do grupo de goberno. Explicou que na actualidade hai unha empresa desempeñando o servizo, a partir do 17 de agosto pode haber outra e pouco mais tarde unha terceira, co que pode darse o caso de que se teñan tres concesionarias en tres meses. Precisou a interveniente que non ía discutir o funcionamento do Centro de Día, pero defendeu que a súa xestión fose directa, como nos países mais desenvolvidos, encontrando a xustificación dada en defensa da xestión indirecta moi pobre, o que demostra que se trata dun tema de vontade política, cando ao seu xuízo pagaba a pena probar a xestión directa, polo menos un ou dous anos.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou que non repetiría o manifestado polos concelleiros anteriores respecto da demora na contratación e dixo que as circunstancias permitían perfectamente utilizar a xestión directa, o que o impedía era a ideoloxía do grupo de goberno, que pretende servizos privatizados para que as empresas gañen cartos, recordando que precisamente no Centro de Día, con xestión indirecta, saíron a luz uns feitos que demostran que ese non era un bo método de xestión para este tipo de servizos. Tamén resaltou a non convocatoria da comisión de coordinación e os erros e contradicións nos que incorre o proxecto con respecto á subrogación do persoal, á parte da supresión de postos, como os de médico e enfermeiro, que considera importantes.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP, indicou que este acordo é unha mostra da aposta do goberno municipal por manter os servizos, explicando que, a partir da finalización do contrato actual, se cubriría a xestión do servizo cun contrato negociado, que se ía tramitar inmediatamente, explicando que a existencia de numerosas novidades lexislativas obrigaron a realización urxente de expedientes tan importantes como os de plan de axuste e do presuposto, que tiveron ocupados ao persoal do concello. A concelleira interveniente precisou, respecto da alusión ao persoal sanitario, que non é obrigatorio neste centro e que, ao seu lado, se encontra un centro de saúde. Tamén aludiu a que o Centro de Día funcionou correctamente coa xestión indirecta, non vendo razóns para o cambio. Polo que respecta á ampliación de prazas, o que se trata é de por a disposición da Xunta de Galicia vinte. Por último dixo que non vai a empeorar o servizo, se non optimizar os recursos existentes.

O Sr. Gonzalo Pita sinalou, ante o dito pola anterior interveniente, que se producirá unha redución de servizos afectando aos usuarios e aludiu que ían estar vixilantes respecto da empresa adxudicataria, esperando que se convocaran as comisións correspondentes para ver como se desenvolve o servizo. Finalmente non considerou xustificada a demora na contratación polo feito da aparición dunha nova lexislación.

A **Sra. Aguín Pombo** dixo que a tardanza na tramitación era inxustificable porque sabían perfectamente que o contrato estaba próximo a finalizar, manifestando que outro interese pola xestión indirecta podía deberse ao feito de que a unha empresa se lle podía atrasar o pagamento das facturas, pero aos empregados non o aboamento das nóminas. Para rematar aludiu a que, cunha xestión directa, se aforrarián custes.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que, efectivamente, o servizo sanitario non era obrigatorio mais que en centros con usuarios de gran dependencia e con determinado tipo de especialización, o que non obsta a que sexa importantísimo para os usuarios do centro e que sempre se presta mellor mediante persoal sanitario, razón pola que pide o mantemento deste tipo de prestación no Centro de Día de Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que os tempos da licitación son os mesmos agora que facía tres meses e recalcou que a urxencia da tramitación de determinados expedientes, obrigados pola normativa estatal, provocaron este atraso. A continuación mostrouse a favor da xestión indirecta dos servizos municipais, cando en anteriores intervencións dos membros da oposición non se deixou totalmente clara a súa postura. Continuou indicando que democraticamente había que aceptar que a maioría dos corporativos que representaban aos veciños, consideraban que a xestión indirecta era a mellor.

A **Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, agradeceu o traballo realizado polo persoal do concello e precisou que o proxecto estaba feito para 60 prazas, non para 80, xa que outras 20 se ían a ofrecer á Xunta de Galicia e, evidentemente, se se cobren, habería que realizar as pertinentes modificacións. Resaltou que se amplía en 23 horas semanais a atención personalizada aos usuarios, que o Centro de Saúde está ao lado do Centro de Día, lembrando que o médico tiña un contrato de tan só 8 horas semanais, finalizando a súa intervención para dicir ao voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal que se tan interesado estaba en que se realizara a comisión, podía haber instado á súa convocatoria.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que se o concello non pagase as facturas á empresa concesionaria o moi probable era que o persoal non cobrase. Tamén aludiu a que cando se licitou por primeira vez a concesión deste servizo non se tiña experiencia sobre o mesmo, o que provocou que se pensara en que por culpa do prezo non houbera desculpas para prestar o mellor servizo aos usuarios, agora, vista a experiencia, se actúa doutra forma con menos marxe para a futura empresa concesionaria e finalizou manifestando que se o Centro de Día funciona ben era grazas ao persoal.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)**

Votos pola **Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal)**

e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Manter a concesión administrativa como forma de xestión do servizo do Centro Municipal de Día de Sanxenxo, a partir da finalización do actual contrato, para o que se tramitarán os expedientes de contratación que procedan polo órgano do Concello de Sanxenxo a quen lle corresponda competencialmente.

SEGUNDO: En canto ao réxime xurídico de prestación do servizo queda definido, a parte do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, polo Regulamento Municipal do Centro de Día, no que se introducen varias modificacións noutro punto deste acordo e pola normativa sectorial de aplicación que se relaciona no propio Regulamento Municipal.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Municipal do Centro de Día de Sanxenxo que se achega a esta proposta e expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se producisen, entrando en vigor a presente modificación unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

--

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA FORMA DE XESTIÓN DE SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN, APROBACIÓN DO PREGO DE CONTRATACIÓN DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA E APROBACIÓN INICIAL DO NOVO REGULAMENTO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de xullo de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que esta proposta é froito da mala xestión dos anos anteriores que provoca que se veñan obrigados a privatizar unha escola infantil, como a de O Tombo, que funcionaba ben. Lembrou que cando se leve aos nenos a Escola Infantil de O Revel, terán que pasar por unha estrutura a medio facer, o que non é moi recomendable. Aínda que valorou o esforzo de ter mais prazas nas escolas infantís, sinalou que na adxudicación tería que estar representada a oposición para facer o oportuno seguimento.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, apostou pola xestión directa por entender que era a mellor para o funcionamento do estado de benestar e sinalou que a gardería de Sanxenxo, que funcionaba con esta modalidade de xestión, o facía moi ben, aínda que eran poucas prazas, esperando que, por fin e para o vindeiro curso escolar, empece a nova escola infantil, xa que hai moita xente esperando a súa apertura e que teñen que levar os seus nenos a outros concellos. A concelleira interviniente resaltou a contía do contrato e dixo que, coa xestión directa, o aforro do concello nestes catro anos podería alcanzar os 300.000

euros

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, recordou unhas palabras da voceira do Grupo Popular no punto anterior, nas que dicía que se algo funcionaba ben non había que cambialo, non entendendo entón por qué se a xestión directa da Escola Infantil de O Tombo é positiva porque hai que cambiala, producíndose isto por unha cuestión ideolóxica e, a este respecto, xa en febreiro avisou de que a Xunta de Galicia optaba pola concesión como modelo de xestión dos centros que subvencionaba, entón isto negouse e falouse que se ía negociar e, como resultado desta negociación, vanse privatizar as dúas escolas infantís.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar destacou a xestión da alcaldía que permitiu a existencia dunha nova gardería municipal, tamén fixo referencia ao manifestado na anterior intervención polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e reafirmouse na súa idea de non cambiar o que funciona ben, pero que neste caso, coa apertura dunha nova gardería e a normativa estatal que impide a contratación de persoal, a única fórmula posible era a concesión administrativa para as dúas escolas infantís posto que é necesario un único proxecto educativo, engadindo que a empresa concesionaria está obrigada á subrogación do persoal contratado polo concello.

O **Sr. Gonzalo Pita** indicou que o plan de axuste do concello existe como consecuencia da mala xestión dos anos anteriores e, aínda que valorando positivamente a existencia de novas prazas, manifestou que se ían abster.

A **Sra. Aguiñ Pombo** sinalou que o goberno actual era herdeiro da xestión do seu partido en Sanxenxo nos últimos trece anos, gastando o que non tiña e agora, polo menos durante dez anos, había que apertar o cinto, sen que en cambio a alcaldía recoñeza que ten culpa de algo. A concelleira interveniente explicou que a piscina municipal funciona correctamente coa xestión directa, ao mellor cunha plantilla sobredimensionada, pero esta modalidade o que da é traballo e por iso non a queren e vanse ao mais doado.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que a segunda parte da privatización era o incremento das taxas que van subir para o servizo de 110 a 160 euros e de 33 a 60 euros para as comidas, nun momento especialmente negativo como consecuencia da crise, esperando que nun futuro a alcaldía non teña que saír a dicir, con respecto a esta concesión, o que se veu obrigado a comentar en público respecto da do Centro de Día, que se trataba dun servizo privatizado.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que o BNG e o PSOE ,nos concellos que gobernan, realizaron numerosas privatizacións e aludiu a que debían realizar un mellor traballo nas comisións informativas sobre os asuntos do pleno.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, agradeceu a oposición os seus parabéns ao funcionamento da Escola Infantil de O Tombo e a continuación recordou a existencia dun plan de axuste que prohibe a contratación de persoal, polo que a única fórmula válida era a da concesión administrativa, se ben as garderías son de titularidade municipal. Polo que fai referencia ao custo da concesión e ao de xestión directa, precisou que para que o cálculo fose real tería que sumarse ao que actualmente custa a escola de O Tombo, o

da nova gardería. Proseguiu dicindo que o obxectivo do grupo de goberno é por en marcha a escola infantil de O Revel e non poñer atrancos como outros.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que a suba de tarifas pola Xunta se vería reducida, con respecto dos prezos máximos citados, en virtude da renda das distintas unidades familiares.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que no ano 2007 e cun presuposto de 114 millóns de euros, existía o mesmo importe destinado a este tipo de servizos que no ano 2012 cun presuposto de 36 millóns de euros, o que era unha demostración do apoio por parte do grupo de goberno aos servizos sociais. A continuación recordou, fronte ao manifestado, que neste concello, ao contrario que noutros xestionados polos mesmos partidos que están aquí na oposición, existían numerosos servizos prestados por xestión directa, como a piscina municipal, porto, ludoteca ou a escola de música.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)**

Votos pola **Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Determinar que sexa a concesión administrativa a forma de xestión do servizo das Escolas Infantís do Concello de Sanxenxo, para o que se tramitará o expediente de contratación que proceda polo órgano do Concello de Sanxenxo a quen lle corresponda competencialmente.

SEGUNDO: Aprobado o proxecto de explotación da concesión administrativa do servizo das Escolas Infantís do Concello de Sanxenxo que figura unido a esta proposta.

TERCEIRO: Aprobado o expediente de contratación, no que se inclúe o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, contido no proxecto de explotación, do servizo das Escolas Infantís do Concello de Sanxenxo durante un prazo de **CATRO (4) ANOS** e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, que será aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

CUARTO: Autorizar o gasto previsto na prego de cláusulas administrativas particulares para a execución do contrato, co compromiso de incluír nos futuros presupostos a financiación necesaria para atender as contraprestacións económicas que resulten para o Concello de Sanxenxo da adxudicación deste contrato.

QUINTO: A efectos de conseguir a maior celeridade posible na tramitación do expediente, delegar na Alcaldía a realización de todos os trámites de competencia do órgano de contratación, previos a adxudicación do contrato.

SEXTO: En canto ao réxime xurídico de prestación do servizo queda definido, a parte do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e polo Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, cuia aprobación inicial figura noutro punto deste acordo e pola normativa sectorial de aplicación que se relaciona no propio proxecto de explotación.

SETIMO: Aprobar inicialmente o novo Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais que se achega a esta proposta e expoñer, durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia, o expediente para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se producisen, entrando en vigor a presente modificación unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

--

6º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DE 2012. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 26 de xullo de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. **Secretario** informou que, dado que este punto da orde do día non se tratou en comisión informativa, debía procederse á ratificación da súa inclusión na orde do día.

A Sra. **Alcaldesa** someteu a votación a ratificación da inclusión deste punto da orde do día, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal , Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste punto na orde do día.

O Sr. **Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que ían votar en contra, dado que neste punto tamén se procede a ratificar o orzamento.

Rematado o debate a Sra. **Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

Votos pola Abstención: 0 .

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros

de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Rexeitar as alegacións presentadas por CCOO, CIG, CSI-F e UGT, agás a que se reflicte en parte do parágrafo 3 e deste xeito corríxese o erro material da táboa de funcionarios do OA Terra de Sanxenxo en canto o nivel do complemento de destino:

Denominación	SubProg.	Gr.	C.D.	BASICAS		Pagas xuño e decembro x2		TOTAL 2012
				Soldo/mes	Antigüidade	Soldo Mes	Antigü	
Servicios Xerais								
Administrativo	92001	C1	22	720,02 €	107,40 €	622,30 €	106,38 €	29.562,46 €
				720,02 €	107,40 €	622,30 €	106,38 €	29.562,46 €
Red. Xornada				360,01 €	53,70 €	311,15 €	53,19 €	14.781,23 €

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o orzamento xeral de 2012 do Concello de Sanxenxo, ordenando a inserción do mesmo no BOP de Pontevedra, de acordo co disposto do artigo 169.3 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

7º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTIGOS 4.3 E 5.4 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, SEGUNDO TRIMESTRE DE 2012. O Sr. secretario dá conta do informe de intervención do 26 de xullo de 2012 que literalmente se transcribe:

“”””Achégaselle resumo do informe trimestral correspondente ao segundo trimestre de 2012, en cumprimento do disposto nos artigos 4.3 e 5.4 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, para que se proceda á súa elevación perante o pleno.

CONCELLO

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2º AÑO		2012
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	408,35	356,94	5,00	420,55	62,00	1.545.470,34
Art. 21	300,55	252,61	1,00	1.039,16	254,00	140.826,10
Art. 22	348,89	298,98	6,00	3.876,89	306,00	1.437.011,97
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	446,86	397,60	0,00	0,00	32,00	491.930,17

				5.336,60		3.615.238,58
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	245,18	203,33	2,00	11.633,74	28,00	889.225,59
Art. 21	159,39	113,84	1,00	389,99	58,00	96.397,35
Art. 22	224,44	183,22	7,00	8.363,37	292,00	405.166,07
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	164,84	120,59	0,00	0,00	3,00	17.117,36
				20.387,10		1.407.906,37
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	294,45		450,00	1.126.485,53		
Cap. 6	454,35		6,00	62.689,40		
				1.189.174,93		

OA “TERRA DE SANXENXO”

TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	57,06	36,47	1,00	38.736,90	24,00	53.414,96
Art. 21	159,32	116,90	0,00	0,00	18,00	4.590,88
Art. 22	212,54	167,25	1,00	44,20	192,00	826.664,13
Art. 23	800,00	750,00	0,00	0,00	2,00	314,76
Art. 24						
Art. 26						

Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	36,37	6,00	3,00	10.195,55	1,00	980,34
				48.976,65		885.965,07
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	73,42		166,00	259.358,97		
Cap. 6	77,45		5,00	48.289,35		
				307.648,32		

OA “XERENCIA DE URBANISMO”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2012
XERENCIA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	156,50	116,50	0,00	0,00	2,00	5.251,00
Art. 21	372,17	322,17	0,00	0,00	2,00	772,63
Art. 22	372,90	322,12	0,00	0,00	90,00	114.602,34
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
						120.625,97
XERENCIA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21						

Art. 22	393,52	346,73	0	0	11	12819
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				0,00		12.819,00
XERENCIA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	44,99		9,00	15.543,53		
Cap. 6	0,00		0,00	0,00		
				15.543,53		

“NAUTA SANXENXO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2012
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	32,51	23,69	108,00	103.216,64	6,00	48.364,58
Inmovilizado (2)	39,85	0,00	3,00	4.540,17	0,00	0,00
Sin desagregar						
Total				107.756,81		48.364,58
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	18,08	41,00	19,00	47.937,30	1,00	19,79
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Sin desagregar						
Total				47.937,30		19,79

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2º AÑO		2012
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	22,47	0,00	3,00	198,33	0,00	0,00
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sin desagregar						
Total				198,33		0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Inmovilizado (2)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

A corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 14 DE MAIO AO 19 DE XULLO DE 2012 (DE RES. Nº 505/12 Á Nº 779/12). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 14 de maio ao 19 de xullo de 2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1ª) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5613, DO 26 DE XULLO DE 2012. O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””Los concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L., al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y, en su caso aprobación en el Pleno Ordinario a celebrar el próximo día 30 de JULIO la siguiente **MOCIÓN**:

Solicitamos que se apruebe por este Pleno y en consecuencia se declaren expresamente como bienes afectos a un fin público, como es la realización de las obras de urbanización para la recepción del polígono industrial de Nantes, el capital principal del aval ejecutado en su día por el Concello de Sanxenxo, que ascendía a la suma de 2.584.459,00€, así como los intereses que dicha cantidad haya generado desde que fue depositada en una cuenta bancaria por el Concello (el 25/09/11) hasta hoy y los que se generen en adelante. Asimismo, solicitamos que se emite certificado por el Sr. interventor de dicho acuerdo.”””””

En xustificación da urxencia, o **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que non era embargable o destinado a un fin público, polo que para protexer as cantidades ás que se refire a moción, había que declaralas afectadas a esa finalidade, correspondendo ao Pleno adoptar o acordo que evite un posible embargo como consecuencia da actuacións de empresas nese sentido para pedir execución de sentenzas contrarias ao concello.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que, consultados os responsables económicos, se lle indicou que a única fórmula posible de cumprir o que se pide na moción era proceder a comprar patrimonio municipal destinándoo a un fin público, o que non están dispostos a facer e polo que pide a retirada da moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi acordada por unanimidade.

O **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que a finalidade da moción era protexer este diñeiro ante actuacións futuras de empresas que teñen débedas recoñecidas por sentenzas xudiciais contra o concello.

A **Sra. Alcaldesa** reafirmouse no manifestado anteriormente e a **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que en virtude do disposto no artigo 173.2 as cantidades líquidas non poden ser embargadas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que era imposible que alguén, xuridicamente, asesorara aos poñentes da moción e solicitou a súa retirada para evitar votar sobre algo que non se sostén.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal)

Votos en contra: 11 (Grupo municipal do Partido Popular, Grupo Municipal

do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola **Abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, non resultou aprobada a moción.-----

-

Neste intre, ausentouse temporalmente da sesión a Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego .

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5635, DO 27 DE XULLO DE 2012. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””Los concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L., al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y, en su caso aprobación en el Pleno Ordinario a celebrar el próximo día 30 de JULIO la siguiente **MOCIÓN:**

Son múltiples las solicitudes, peticiones y reclamaciones que a lo largo de varios años las distintas asociaciones han solicitado ante las administraciones competentes para dar solución a la problemática del paso peatonal de las salinas en la Lanzada, incluso la administración local en un fallido intento pintó de forma ilícita un paso de peatones como posible solución.

Toda vez que la administración autonómica ha anunciado la licitación del desdoblamiento de la vía rápida desde Sanxenxo hasta la rotonda grande del bao en la Lanzada y una vez comprobado en periodo de exposición pública en oficinas de la xerencia que no está contemplada ninguna actuación en el proyecto encaminada a subsanar este problema de seguridad vial para los viandantes que acceden desde la Revolta hasta la playa de la Lanzada, DESDE S.A.L. solicitamos:

Que vistos los antecedentes, solicitamos al gobierno local que solicite a través de las alegaciones e informes técnicos municipales pertinentes si fuesen necesarios las medidas necesarias para dar solución a esta problemática, bien con un paso elevado o subterráneo según criterio de los técnicos.”””””

En xustificación da urxencia o **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que se estaba en período de alegacións e era o momento adecuado para solicitalo.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que solicitaba ao Grupo Popular o voto en contra da declaración de urxencia, porque o pedido na moción xa está contemplado no proxecto de rexeneración das brañas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----
-

Neste intre, incorporouse novamente á sesión a Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL CO REXISTRO. DE ENTRADA NÚM. 5633, DO 27 DE XULLO DE 2012. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””Los concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L., al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y, en su caso aprobación en el Pleno Ordinario a celebrar el próximo día 30 de JULIO la siguiente **MOCIÓN:**

Tras el recién aprobado plan de ajuste para pago a proveedores las distintas asociaciones han recibido una carta en la que se le comunicaba que dejarían de percibir las ayudas concedidas por el concello. Para asombro de muchas asociaciones también se le han quitado las ayudas que tenían pendientes por cobrar con carácter retroactivo y recogidas dentro del presupuesto 2010-2011.

A través de la siguiente moción solicitamos al gobierno que se apruebe que las ayudas que estaban pendientes antes de la aprobación del plan de ajuste sean abonadas a las distintas asociaciones.”””””

O Sr. Gonzalo Pita xustificou a urxencia polo feito de que este diñeiro xa estaba incluído nas súas previsións polas distintas asociacións, provocando o non ingreso problemas graves .

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que solicitaba ao Grupo Popular o voto en contra da urxencia porque na actualidade non hai nada pendente porque non se está tramitando ningún expediente.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----
-

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5661, DO 30 DE XULLO DE 2012. A Sra. Rodríguez Maneiro, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira

Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

O PsdeG-PSOE de Sanxenxo pon de manifesto a súa preocupación pola actual situación de seguridade vial que existe no tramo da Vía Rápida que une a Parroquia de Noalla e Adina con Sanxenxo. Por todos é coñecido que dito tramo é constantemente protagonista de múltiples accidentes, moitos deles mortais como sucedeu nos acontecidos fai unha semanas cunha diferenza de 12 horas e que se cobraron a vía de dúas persoas (unha delas faleceu no acto e outra días máis tarde no Hospital).

O certo é que tanto o punto de entrada do lugar da Adina como a saída de Noalla, neste caso concretamente a curva sita xunto o cemiterio son dende fai tempo dous puntos negros da vía rápida debido tanto á gravidade como á cantidade de accidentes que se producen nos mesmos. Esta situación é permanente dende a inauguración e apertura de dito vial.

O PsdeG-PSOE de Sanxenxo é coñecedor de que existe na actualidade un proxecto de desdoblamento de carrís para dita Vía Rápida o cal xa está no período de exposición pública pero tamén considera que tanto ditas obras como os trámites pendentes aparte de ser tardíos, levarán un tempo considerable retrasando a solución a un problema grave de seguridade vial para os veciños do Concello que usan a Vía Rápida diariamente como para todos os transeúntes que descoñecen a perigosidade de ditos puntos e que nestas épocas do ao duplican o tránsito de dito vial.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a que se proceda a instalación dunha medianera provisional en dito tramo da Vía Rápida que regule o tráfico en dito tramo da Vía Rápida que regule e a velocidade da mesma mentres non se realicen as obras de desdoblamento da mesma.

Con dita medida conseguiríase solventar en certa medida o grave problema de circulación que existe na zona e paliar en gran medida a perigosidade de dito tramo nos xa consideramos como “puntos negros” do vial tanto no punto de entrada da Adina como no de Noalla. Trátase de darlle solución a un problema grave de seguridade vial provisional ante a tardía posta en marcha e posteriores obras de desdoblamento da Vía Rápida que esperamos unha vez feitas solucionen definitivamente o problema vial e a perigosidade de dito tramo.”””””

A **Sra. Rodríguez Maneiro** xustificou a urxencia falo feito de que na época estival pasan moitos coches e existe unha alta posibilidade de que se produzan accidentes.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que solicitaba ao Grupo Popular o voto en contra da urxencia, por non saber si o solicitado era o mais adecuado para este caso, xa que o terían que decidir os técnicos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que el non podía facer de técnico para dicir o que hai que facer ou non, motivo polo que votará en contra.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que xa se reclamou un estudo da situación para que se adopten as medidas mellores tecnicamente.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo**

Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

-

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5662, DO 30 DE XULLO DE 2012. O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Os veciños da Rúa Panceiros, de Rouxique, en Vilalonga levan máis de 30 anos vivindo nesa zona e non contan cos servizos municipais de auga e saneamento, nas súas vivendas. (Adxuntamos firmas dos veciños).

Esta é unha demanda destes veciños dende fai moito tempo.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Que por parte da Concellalía de Obras e Infraestruturas do Concello de Sanxenxo se proceda a executar as mencionadas obras nun prazo breve de tempo coa finalidade de que os veciños da rúa Panceiros conten cos servizos municipais de auga e de saneamento.””””

O **Sr. Buezas Méndez** xustifica a urxencia pola necesidade da obra e que esta non é moi complicada.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi acordada por unanimidade.

O **Sr. Buezas Méndez** reitera o exposto na moción e o manifestado anteriormente.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que se puxo de manifesto esta situación ao Concelleiro de Infraestruturas para que se revise polos técnicos municipais se se pode facer a obra.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que se debían facer as mocións con sentido, posto que neste caso o primeiro que tiña que pedirse era a redacción dun proxecto para ver se era posible executar a obra.

O **Sr. Buezas Méndez** indicou que na súa opinión era posible facer a obra.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou a súa estrañeza de que non se houbera feito antes no caso de non existir dificultades.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación que foi aprobada por

unanimidade, adoptándose o acordo que nela figuraba nos termos antes transcritos.-----

-

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN QUE ESTUDE AS SENTENZAS PENDENTES . O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Nos últimos tempos asistimos a un goteo de sentenzas xudiciais contrarias aos intereses do Concello de Sanxenxo. Algunhas destas sentenzas implican a demolición de construcións rematadas e outras case rematadas (chalés de Dorrón, edificio Progreso, hotel-apartamentos Canelas, etc). A demolición das construcións implica a redacción de proxecto, adxudicación de obras, valoración de indemnizacións, etc.

O pasado 29 de xuño aprobouse en pleno os orzamentos do Concello de Sanxenxo para o ano 2012 donde se inclúe unha partida orzamentaria de 1 millón de euros para facer fronte o pago de indemnizacións polas mencionadas sentenzas xudiciais. Toda esta situación que se está dando no Concello de Sanxenxo é moi grave ponendo en perigo a viabilidade económica de este Concello así como un importante deterioro da súa imaxe.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Que se constituía unha Comisión, na que estén representados todos os grupos políticos da Corporación, na que se dé conta de todos os expedientes que actualmente teñen sentenzas desfavorables aos intereses do Concello de Sanxenxo. A súa vez se dé conta do estado de tramitación actual dos mencionados expedientes (recursos etc) os proxectos de demolición existentes, adxudicación de demolicións, valoracións das indemnización aos promotores e un planning no que contempla as datas de cada un dos procesos.”””””

O **Sr. Buezas Méndez** xustificou a urxencia polo feito de que, ante as sentenzas desfavorables ao concello con demolicións incluídas, era necesario coñecer os plans municipais para facerlle fronte.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, que foi acordada por unanimidade.**

O **Sr. Buezas Méndez** indicou que sería interesante coñecer o custe das demolicións, o programa de actuacións, o seu aboamento e as posibles indemnizacións.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que todos estes asuntos xa pasaron polo Consello da Xerencia, aos que asisten os representantes da oposición, que teñen ademais os expedientes a súa disposición, razóns polas que votará en contra da moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:**

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo

Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

-

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, en explicación do seu voto, dixo que os membros da oposición podían acceder a información sobre estes asuntos.-----

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5659, DO 30 DE XULLO DE 2012). O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario –a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente –as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramáticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribéis consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe

nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constituán as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.**
- 2. Solicitar á celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**

6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”””””

O **Sr. Otero Domínguez** recordou que o problema das preferentes se encontra atrancado na actualidade, xa que o arbitrase supón a renuncia á vía xudicial. Tamén aludiu a que a banca pública opera en Europa con total normalidade, como o demostra que existan ata 127 bancos de titularidade totalmente pública.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a **votación a declaración da urxencia da moción, que foi acordada por unanimidade.**

O **Sr. Otero Domínguez** ratificouse no manifestado na moción e precisou que neste momento conseguir financiamento é fundamental para que non decaia toda a economía.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que estaba disposta a apoiar os puntos da moción que consideraba viables, concretamente os números 3, 5 e 6, pero manifestouse en contra da banca pública porque neste momento non hai cartos e así mesmo entendeu que non se pode implicar a un goberno na defensa de determinados postos de traballo da banca, cando algúns teñen uns salarios importantes.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que as comisións de investigación debían ser unha obriga e había que articularlas en condicións, o que sucede é que non se quere destapar a realidade do que foi o proceso de fusión das caixas e, en canto aos traballadores da banca, non está a falar precisamente dos privilexiados que ocuparon cargos directivos, polo que non vai rectificar a moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que se presentou unha moción, que era unha postura unilateral e agora se propoñen tres puntos para chegar a un consenso, o que lle parece razoable polo que apoia o manifestado pola alcaldía.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntouse onde se podía consensuar unha moción neste concello, cando estas non van a comisión informativa e engadiu que se pode consensuar pero non mutilar as mocións, tal como se pretende facer ao eliminar aspectos fundamentais da mesma coa petición da alcaldesa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que non se trata nin de mutilar nin de impoñer, senón de consensuar e que tanto o regulamento orgánico como o ROF son o que son.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que non pretendía mutilar nada, pero que cada persoa pode opinar diferente, sen que signifique que estea errada.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

Votos en contra: 9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal

Mixto).

Votos pola **Abstención: 0**

En consecuencia non resultou aprobada moción.-----
-

8º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5658, DO 30 DE XULLO DE 2012.O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego**, **EXPÓN:**

O pasado 1 de xullo entrou en vigor o novo copago farmacéutico imposto polo Goberno do Estado que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e aumenta a aportación de centos de miles de persoas activas.

O copago farmacéutico é un sistema inxusto e insolvente. Quedan fóra de financiamento medicamentos fundamentais que non teñen alternativa en Galiza, nin nas farmacias nin nas distribuidoras. Persoas con tratamentos crónicos deixaron de retirar a súa medicación pola imposición deste copago.

As persoas obrigadas ao copago farmacéutico puideron xa comprobar desde un primeiro momento como a realidade do recorte as afectaba gravemente. De feito pensionistas con persoas que dependen da súa cartilla, teñen que soportar un duplo ou triplo tope de 8 ou 18 euros. Ademais existen reclamacións sobre as novas porcentaxes aplicadas a persoas activas que merecen a desatención do SERGAS e obrigando ás persoas doentes a que reclamen na Seguridade Social.

Para xustificar todo isto falan do destino destes cartos para a construción de novos centros sanitarios, pero a realidade a falta de persoal sanitario para atender dignamente os centros que existen. Están a vender a ilusión de novos centros de saúde no futuro coas pensións das persoas xubiladas e viúvas enfermas.

Esta medida non se implantou por igual en todo o territorio do Estado xa que algunhas comunidades autónomas elaboraron normativas grazas ás competencias que teñen atribuídas, compensando esta medida tan lesiva e evitando que as persoas pensionistas vexan reducidas as súas pensións polo feito de ter enfermidades, obrigadas a contribuír á rebaixa do déficit do Estado ou para colaborar no pago do rescate á banca privada española.

O Goberno galego ten as mesmas competencias e a mesma capacidade para evitarlle ás persoas enfermas e pensionistas que residen en Galiza este recorte dos seus ingresos, pero o goberno do PP na Xunta toma a decisión de non facelo, para non ser un problema para Madrid, xa que prefire ser un problema para as persoas pensionistas de Galiza.

Queremos outra xestión sanitaria, que non se centre en recadar das persoas enfermas senón en atendelas dignamente, nunha sanidade que sexa un elemento de redistribución de riqueza e que sexa financiada suficientemente dende os impostos. O Goberno galego está a tempo de rexeitar estas medidas retrógradas e insolventes impostas polo PP dende o Goberno do Estado.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte **ACORDO:**

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago

farmacéutico para as persoas pensionistas.”””””

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que co copagamento estase a cargar contra as rendas mais baixas do Estado, que están en Galicia, polo que sendo os prezos parellos afectan aquí mais, ao mesmo tempo de que se debe defender a autonomía de Galicia e de que as persoas maiores cada vez teñen menos ingresos.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que non era de xustiza social que moitos xubilados, que perciben unha pensión superior aos salarios que ten xente que traballa, non paguen medicamentos e estes últimos se.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que non se pode xeneralizar posto que hai casos de xubilados que cobran mais que persoas que traballan e teñen cargas familiares.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----
-

9º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CO REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 5657, DO 30 DE XULLO DE 2012. O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa

local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos- potenciando ás deputacións provinciais.
- 2.- Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.
- 3.- Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.
- 4.- Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarias e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte na prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.”””””

En xustificación da urxencia o **Sr. Otero Domínguez** sinalou que este era o mellor momento para definirse sobre unha reforma que ataca a parte mais débil, a administración local, que dende fai anos ten pendente o arranxo do seu financiamento, engadindo que no texto da reforma se eliminan competencias e se traspasan a organismos, como as deputacións, de carácter caciquil.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que

solicitaría ao grupo popular o voto en contra da urxencia porque a moción non supón alternativa algunha.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que estaba de acordo coa redución de concelleiros.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que lle gustaría votar a favor algún punto, pero que non estaba a favor do plantexamento da moción, xa que o goberno estatal fai o que pode e porque non lle queda outro remedio.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en **contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

-

ROGOS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 27 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5634). Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales RUEGA:

Gran parte del alumbrado de la vía pública de la calle Rafael Picó de Portonovo se apaga actualmente a las 12,00 h, generando en esa zona llena de negocios con terrazas un perjuicio para sus negocios dando una imagen inadecuada para la que es además la entrada principal de Portonovo. Nos transmiten algunos empresarios que ese alumbrado depende de puertos.

Rogamos gestionen la ampliación del horario hasta las 3,00 h, hora aproximada de cierre de la mayoría de los establecimientos de esta calle.””””

A **Sra. Alcaldesa** precisou que este asunto xa se trasladou a Portos e espera que se cumpra.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5606). Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales RUEGA:

La parroquia de Dorrón es una de las mas olvidadas por la Diputación en cuanto a inversiones de instalaciones deportivas se refiere. Tras varias peticiones a la concejala de deportes para sustituir dos porterías de hierro antirreglamentarias del campo de fútbol en donde los arbitros ya amenazan después de varios avisos con no volver a arbitrar, rogamos a este gobierno que gestione la sustitución por dos porterías reglamentarias.””””

A Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se estaba xestionado o cambio e espera que estean para a próxima tempada.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5663). Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo Sra. Aguiñ Pombo**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dña Dulcinea Aguiñ Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Ao final da Rúa Progreso, próxima a rotonda de Arnelas hai un paso de peóns, moi próximo a rotonda. Cando se circula dende Portonovo ou dende o Vinquiño dirección Sanxenxo unha vez bordeada a rotonda atópase de súpeto co paso de peóns no que en ocasións sucede algún accidente e atropelo e sobor de todo moitos sustos. Creemos que si se desplazase o pintado de ese paso de peóns un pouco máis adiante non acontecería os acontecementos anteriormente mencionados.

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan todos os trámites necesarios ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para que procedan o borrado do paso de peóns actual e se pinte desprazando a unha distancia superior da actual.””””-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 26 DE XUÑO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 4836). Polo **voceiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Rodríguez Lorenzo** deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””José-Luis Rodríguez Lorenzo, concejal por el partido político Veciños Independentes por Sanxenxo (VIPS), ante las “nuevas” aparecidas sobre los terrenos “adquiridos” a través de un convenio firmado por quien era, por aquel entonces, alcalde de Sanxenxo, quiere exponer:

Las premisas vienen constituidas por un Convenio suscrito entre el Concello y una propiedad en virtud del cual el Concello obtenía unos terrenos para la ejecución sobre los mismos de una “ciudad deportiva”, en contraprestación se reconocía una edificabilidad en otro suelo calificado como SU 5 en donde la propiedad cedente tiene un porcentaje.

Ahora, desde VIPS, nos enteramos de la existencia de una carga hipotecaria que las partes no hicieron constar en el convenio, por lo que

Dicho lo anterior y según manifiesta la parte cedente del terreno, el inmueble fue adquirido con la hipoteca realizada anteriormente a la firma, hecho que dicen haberle comunicado al por aquel entonces presidente de la corporación, pero que no quiso hacer constar.

En cualquier caso, nos extraña que no se hiciese saber que la superficie que se adquiriría debería ser

libre de cargas. Cualquier representante público sabe que el registro de la propiedad es público y que se debería haber demandado una certificación en la que figurasen las cargas y hacer constar en el documento del convenio dicho estado.

Por ello, si la hipoteca fue anterior al documento público y no se quiso hacer saber de la misma, nos tememos que hayamos perdido todo aquello cuanto creíamos propiedad del concello. Una especie de “Convenio Pelota”.

Nos han hecho saber que, al parecer, una entidad bancaria se pondrá estos días en contacto con el concello, pues se prevé el embargo en breves fechas, lo que nos podría dejar sin la propiedad y los cientos de miles de euros allí, en obras, mal empleados.

Por lo anterior y antes de proceder, hacemos el siguiente RUEGO:

Que los servicios jurídicos **estudien el expediente y se nos informe a los grupos políticos**, para obrar en consecuencia de, **si los representantes del Ayuntamiento de Sanxenxo**, políticos y funcionarios, que han participado en dicho expediente, han podido incurrir en alguna falta o delito, al no comprobar si los terrenos estaban libres de cargas y haber escapado al trámite de registro de la parcela, con lo que el tema se ocultó y propició inversiones de cientos de miles de euros en la misma, inversiones que podemos perder al igual que los terrenos, todo ello en posible beneficio de terceros.

Todo ello porque da la impresión de ser un “pelotazo Urbanístico”, para favorecer a una de las partes.””””-----

PREGUNTAS :

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5609). Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en el próximo pleno ordinario, la siguiente **pregunta**:

El pasado 26 de marzo esta agrupación solicitaba a modo de ruego ante esta sala una nueva prueba del asfalto de la curva de os Cotos de Dorrón el primer día de lluvia después de un período en seco.

¿Han iniciado ustedes algún tramite ante las administraciones competentes y este caso expongan cuando y cuales, para realizar nueva prueba de asfaltado en la denominada ya curva peligrosa de la curva de los Cotos en Dorrón toda vez que siguen ocurriendo siniestros en estas circunstancias como el del pasado día 13 de este mes?

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que dende o concello se dirixiu o oportuno escrito a administración competente solicitando a adopción das medidas necesarias, lendo a continuación a contestación que se lle deu, estando pendente dun proxecto de seguridade viaria.-----

-

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5608). Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en el próximo pleno ordinario, la siguiente **pregunta:**

El pasado domingo día 22 en la playa del “espiñeiro en la Lanzada” se perdió una niña de 3 horas durante casi dos horas, ante la desesperación de sus familiares y la impotencia ante **la falta de reacción y sincronización** entre los puestos de vigilancia de la playa, (uno perteneciente al Concello de Sanxenxo y otro al del Grove. Deseo que nadie tenga que pasar por ese mal trago pero la indiferencia y la coordinación entre estos dos puestos pertenecientes a la misma playa ha quedado en evidencia.

¿Qué protocolo de actuación tienen estipulado en este caso y en concreto en esta playa en caso de emergencia?””””

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que os servizos de emerxencias están mais previstos para as urxencias en zonas de baño, sendo moi difícil a coordinación neste senso, non obstante, tamén sinalou que os protocolos están para aplicalos.-----
-

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 27 DE XULLO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 5636). Polo **concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sra. Barbeito Barreiro**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en el próximo pleno ordinario, la siguiente **pregunta:**

Que medidas tienen ustedes encaminadas a solucionar la problemática existente con la comisión de fiestas de Portonovo y que esta generando polémica, inquietud e incertidumbre entre los vecinos de la parroquia.””””

A **Sra. Alcaldesa** preguntou se a interveniente solicitaba información sobre a celebración da festa ou pola petición do presidente da comisión respecto da organización das feiras multisectoriais, contestando a **Sra. Barbeito Barreiro** que preguntaba se se ían celebrar as festas de Portonovo, contestando a **Sra. Alcaldesa** que as festas xa están contratadas e mañá ía a saír o cartel, engadindo que as festas son dos veciños e non dunha determinada comisión.-----
-

4º) A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, preguntou se había algunha novidade respecto da Fonte de Fonteira, contestando a **Sra. Alcaldesa** que o cartel xa o quitaron moitas veces os veciños e recordou a normativa sobre a salubridade da auga das fontes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que as fontes sen auga da traída deben ter un cartel no que se indique que se trata de augas sen garantía sanitaria posto que hoxe pode realizarse unha análise que demostre a súa potabilidade e mañá poden variar as condicións, non obstante o cal, se están realizando as análises correspondentes, lamentando que se estean retirando os carteis.-----

5º) O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu ao rogo do **Sr. Rodríguez Lorenzo** sobre os terreos da cidade deportiva no que se dicían cuestións tremendamente graves por parte dun membro do goberno municipal e, recordando que se trataban de terreos adscritos a un desenvolvemento público, preguntou se algunha vez foron rexistrados ao nome do Concello de Sanxenxo, cal e a posibilidade de que sexan embargados, en que momento se comprobou a existencia do erro e si esto vai quedar aquí ou vai a ter consecuencias, de carácter mesmo xudicial.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que o rogo era do 26 de xuño e do mesmo xa se falou en dous ou tres consellos aos que asistiu o **Sr. Otero Domínguez**, que mesmo fixo unhas declaracións ao respecto, engadindo que non sabía onde ía a quedar o asunto, aínda que é evidente que todo o mundo pode cometer erros. Continuou manifestando que xa dixo que existía no expediente un documento en xaneiro no que non figuraban as cargas do terreo, que a hipoteca se constituíu en febreiro e a sinatura do convenio foi con data posterior, crendo que ningún político naquel momento coñecía a situación e rematando para dicir que xa foi encargado un informe para saber si o terreo é ou non embargable.-----

--

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :